

I. DATOS XERAIS DA MATERIA

a) Nome oficial.	Dereito da Empresa
b) Titulación .	ADE
c) Créditos	6 (Teóricos 3; Prácticos 3)
d) Curso.	Terceiro
e) Código da materia.	611211301
f) Tipo.	Troncal
g) Impartición.	Primeiro Cuadrimestre
h) Departamento/s responsable/s	

Dereito Privado

i) Profesor/a coordinador/responsable da docencia

Información por grupo

1) Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia

Grupo A: Prof. Dr. José Luis Río Barro
Grupo B: Prof. Dra. Fátima Lois Bastida

Lugar e horario de titorías

Despacho da Facultade
Grupo A: luns, martes, e xoves, de 17.30 a 19.30h
Grupo B:

2) E-mail

riobarro@udc.es

3) Universidade Virtual

5) Lingua na que se impartirá a docencia

castelán e galego

II. OBXECTIVOS DA MATERIA

Proporcionar un coñecemento das institucións xurídicas mercantís, a través da análise da normativa mercantil española vixente, nuns termos axeitados para o desenvolvemento profesional solvente da actividade de administración e dirección de empresas.

III. METODOLOXÍA

A propia das materias xurídicas, tentando de encontrar un punto medio entre a chamada lección maxistral e unha fórmula máis práctica e dinámica, coa participación activa dos alumnos presentes na sesión, con frecuentes intervencións voluntarias ou forzadas polo docente.

IV. AVALIACIÓN

Está prevista a realización de unha proba parcial. Este exame terá carácter liberatorio, pero non será obrigatorio. A proba final de avaliación consistirá nunha proba escrita ou oral (a elección do alumno), na que contestará a seis ou sete preguntas relativamente concretas dos distintos apartados do programa da materia. Unha vez feita pública a lista de resultados, recoméndase que o interesado revise o exame e as pautas seguidas polo profesor para a súa cualificación.

V. TEMAS OU BLOQUES DE CONTIDOS

Introdución: orixe e significado actual do Dereito Mercantil.
Empresa e Empresario: Capacidade e Responsabilidade. Dereito Concursal.
Empresario Social: Sociedade Colectiva, Comanditaria, Anónima, Limitada e Cooperativa.
Dereito da Competencia e da Propiedade Industrial: Defensa da Libre Competencia, Competencia Desleal, Patentes e Marcas.
Dereito dos Títulos-valores: Letra de Cambio e Cheque.

VI. RECOMENDACIÓNS

VII. FONTES DE INFORMACIÓN

Os Manuais de Dereito Mercantil español que se indican na última páxina do Programa, Bibliografía actualizada anualmente.